

## **ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS AO CONSELLO ESCOLAR**

### **CONVOCATORIA**

De acordo coa Resolución do 7 de setembro de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 20), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 9 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a UN representante do persoal de administración e servicios.
2. O censo electoral do persoal de administración e servicios estará exposto a partir do 7 de novembro no taboleiro de anuncios das salas de profesores do Centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 8 de novembro ata as 16'00 horas do día 15 de novembro.
4. A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, a secretaria do centro e o membro do persoal de administración e servicios de maior idade.
5. Cada elector fará constar na papeleta das eleccións **un nome** da lista de candidatos.
6. O voto será directo, secreto e non delegable.
7. As votacións realizaranse neste Centro Público o **día 27 de novembro, de 10:30 a 11:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 10:25 horas.
8. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Coristanco, 7 de novembro de 2012

O DIRECTOR E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL